A biblioteca do soto

Había semanas ou quizais meses que ninguén baixaba ao soto, onde se atopaba a biblioteca. Só o zunido do extractor da humidade, que a intervalos se facía máis intenso e logo diminuía de volume ata se volver case inaudible, aliviaba algo a monotonía do lugar.

De súpeto, no medio da fonda escuridade, soou o ruído dun corpo ao caer.

—Ai, ai! —queixouse unha voz infantil.

Ningún libro se atreveu a moverse. Pouco despois, o laio repetiuse:

—Ai, Ai!

Algúns libros axitáronse nos seus andeis, inquietos.

Un exemplar de *Hamlet, príncipe de Dinamarca*, ergueuse de entre todos, e gargarexou antes de falar.

—Alto! Quen anda aí? —preguntou con gravidade, coma un sentinela desde a súa torre.

—Son *Alicia no país das marabillas* —respondeu desde o chan a voz infantil, que falaba moi ás présas—. Síntoo. Non podía aturar nin un minuto máis sen me mover. Só quería asomar o lombo, para respirar un pouco, porque aí arriba estamos moi apertados. Pero ao facer o esforzo saín despedida, e caín.

—Magoácheste? —preguntou outro libro, cunha voz tranquila e clara que chegaba desde o extremo oposto da biblioteca.

—Identifícate ti tamén, por favor —pediulle *Hamlet*, que era un pouco desconfiado e ademais quería intervir en todo.

—Chámome *Manual para a restauración de libros* —dixo o libro da voz tranquila—. Ensino a encadernar e a pegar as follas, e arranxo as tapas estragadas.

—Es un libro práctico? —preguntou *Alicia* esperanzada.

—Son un libro como os demais —respondeu o *Manual*, logo dun breve silencio.

—Non che pregunto iso. Xa supoño que es un libro como os demais, aínda que falas moi amodo. Pero, están preto de ti os libros de cociña?

—Si, coido que están por aquí. Cos de Xardinaría e as guías de viaxe.

—Daquela es un libro práctico —explicou *Alicia* con decisión—. Gústanme os libros prácticos, porque teñen ilustracións. E de que serve un libro sen diálogos nin ilustracións? Eu mesma teño algunhas moi divertidas. Nunha delas hai unha nena co pescozo moi longo, que son eu, aínda que non me asemello; e noutra, unha eiruga que está sentada sobre unha folla e fuma un narguilé. Se houbese luz, amosaríachas.

—Seguro que estás ben? —insistiu o *Manual*.

—Caín sobre unha esquina, pero non me doe —respondeu *Alicia*—. Por sorte, son bastante lixeira.

Hamlet volveu gargarexar.

—Por que te queixabas, daquela?

—Para chamar a atención —respondeu *Alicia*—. Non é o que unha debe facer, cando cae? De que serve caer, se unha non berra e berra ata que todos se decatan? Ademais, se non me puxese a berrar, aínda seguiriamos calados. E levamos demasiado tempo calados, paréceme a min.

—Se cadra o golpe che ha de doer despois, cando arrefríe —suxeriu o *Manual*. Se precisas axuda, chámame. Só tes que xuntar as follas e asubiar.

—Grazas, fareino.

Alicia xuntou as follas. Ao principio non lle saía, pero soprou e soprou ata conseguir un asubío longo e estridente.

—Pasou algo? —preguntou o *Manual*.

—Non, que ía pasar? Só era un asubío de proba.

Unha voz atronadora rachou a escuridade, desde un dos andeis superiores.

—Luz, luz, luz! Fágase a luz!

Houbo un rebumbio. Algúns libros sobresaltáronse e arrimáronse aos seus compañeiros.

Alicia

—Alto aí! Que é ese escándalo? —preguntou *Hamlet*—. Responde, ordénocho.

—Ordénasmo? —repetiu a voz—. E con que autoridade? Son moito máis vella ca ti!

—Logo saberás que aquí non fai falta falar a berros.

—Falar a berros! Levo tantos anos sen falar que case non recoñezo a miña propia voz! Estaba profundamente durmida e espertástesme con toda a vosa parva leria sobre libros prácticos e asubíos. Agora xa non vou poder durmir! Co que custa, á miña idade, botar unha boa soneca…

—Non podes ser tan vella —dixo *Alicia* para animala e tamén porque quería saber a súa idade exacta.

—Son tan vella coma as palabras! Antes de que houbese libros, eu xa existía! Antes de que fosen postas por escrito, a xente xa contaba as miñas historias! Por algo me chaman o Libro dos Libros.

Segundo ía falando, a súa voz elevábase máis e máis.

—Xa está! —exclamou *Alicia*, que era un pouco sabichona—. Es a Biblia!

—Pois claro! Quen, se non? É que non hai ningún libro neste soto que sexa quen de prender a luz? —volveu bramar, nun ton máis imperioso—. Non me gusta falar con outro libro se non lle podo ver a cara, é dicir, o lombo.

—Se queres, pódolles preguntar aos libros de bricolaxe—suxeriu o *Manual para a restauración de libros*—. Andan por aquí, pero coido que están algo xordos.

—Si, faino! —respondeu a Biblia, que semellaba afeita a mandar.

Ao lonxe, o *Manual* repetiu a pregunta.

—A luz? Prender a luz? —responderon os nove tomos da *Enciclopedia da bricolaxe* ao mesmo tempo, con voz cantareira—. Non ves que estamos demasiado ocupados? A familia consúltanos un día si e outro tamén. Se queres que te atendamos, terás que te poñer na cola.

A familia á que se referían era, naturalmente, a propietaria da casa.

—Que cola? —replicou o *Manual*—. Non sei por que vos dades tanta importancia. Ninguén vos vén ver, nin a nós tampouco.

Un calafrío percorreu os andeis, porque o *Manual* dixera algo que todos sospeitaban, pero poucos terían admitido.

Había moito tempo que ningún membro da familia pisaba o soto. Ninguén baixaba para coller libros, devolvelos, consultalos, ordenalos ou quitarlles o po.

—Prender a luz? Quizais eu o poida facer —suxeriu *Alicia*, que quedara cavilando—. Polo menos xa estou no chan. Só se trata de premer no interruptor que hai arriba, na escaleira… Se lembro onde está a escaleira. Era por aquí… Creo que me estou achegando.

Comezou a desprazarse na escuridade, flexionando o corpo cara a un lado e cara ao outro.

Xa se atopaba preto do primeiro chanzo, cando se oíron uns berros, procedentes da planta baixa.

A porta do soto abriuse e o cono luminoso dunha lanterna rachou as sombras.

Alicia botouse ao chan.

Arriba, alguén premeu o interruptor. Os tubos de neon pestanexaron e acendéronse, e soaron uns pasos cautelosos.